

Emma Castelnuovo (Roma, 1913-2014)



Matemática italiana de orixe xudía. Estudou no Instituto Matemático da Universidade de Roma, onde obtivo a Licenciatura en Matemáticas no ano 1936, cun traballo sobre Xeometría Alxébrica.

En 1938 preséntase a un concurso-oposición para ingresar como profesora nunha escola de ensinanza secundaria. Non lle dan a cátedra debido ás leis raciais fascistas da época. Pola mesma razón perde o seu traballo como bibliotecaria no Instituto Matemático de Roma que tivo durante os anos 1936, 1937 e 1938.

A liberación de Roma en xuño de 1944 permítelle volver a presentarse e obter a cátedra nunha escola estatal de ensinanza secundaria de primeiro ciclo (alumnado de 11 a 14 anos). Ese mesmo ano organiza un ciclo de conferencias sobre a ensinanza das Matemáticas.

A partir de 1946, en que imparte unha conferencia e escribe un artigo sobre «O Método Intuitivo para ensinar Xeometría no primeiro ciclo de Secundaria», son numerosas as súas publicacións sobre Didáctica das Matemáticas, en especial da Xeometría.

En 1951 é nomeada membro da Comisión Internacional para o Estudo e Mellora da Ensinanza das Matemáticas (CIEAEM). Por mor diso, coñece e traballa con Piaget, Gattegno, Puig Adam e outros.

Unha das primeiras Sociedades de Profesorado de Matemáticas en España –a madrileña– chámase «SMPM Emma Castelnuovo» na súa honra.